

CIRCULAR INFORMATIVA

CONVOCATORIA da elección de representantes ao Consello Escolar do sector persoal de administración e servizos.

De acordo coa Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 18/09/2024), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de **eleccións ao Consello Escolar, SECTOR PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**, segundo as seguintes normas:

Primeiro.- Conforme o establecido no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26/01/1999), corresponde elixir no presente proceso electoral a **1 representante do** persoal de administración e servizos **que remataría o seu mandato en 2028**, dun total de 1 que debe ter o Consello Escolar.

Segundo.- Son electores todo o persoal que realiza no centro funcións desta natureza, sempre que estea vinculado ao centro educativo por relación xurídica, administrativa ou laboral, incluídos/as no Censo correspondente exposto no taboleiro de anuncios na entrada do Centro, a partir da data desta convocatoria. As **reclamacións ao referido Censo** realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, **ata as 14:00 horas do día 8 de novembro de 2024**.

Terceiro.- Son elixibles todo o persoal que realiza no centro funcións desta natureza, sempre que estea vinculado ao centro educativo por relación xurídica, administrativa ou laboral que, estando incluídos no Censo electoral correspondente, formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilita na Secretaría do Centro. As **candidaturas** poderanse presentar **desde as 9:00 horas do día 30 de outubro de 2024 ata as 14:00 horas do día 11 de novembro de 2024**.

Cuarto.- A mesa electoral estará composta polo Director do Centro, que actuará como Presidente, o secretario do centro e o membro do citado persoal de maior idade.

Quinto.- As **votacións** realizaranse neste Centro o **día 21 de novembro de 2024, dende as 15:00 ás 16:00 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 14:50 horas.

Sexto.- Na papeleta de **votación** cada elector/a fará constar un máximo de **un nome** dos/as candidatos/as presentados/as, debendo acreditar a súa identidade á hora de votar, mediante exhibición do DNI ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado. Non se admitirá o voto por correo.



Sétimo.- Finalizada a votación procederáse ao escrutinio dos votos, que será público, e, unha vez realizado, levantarase Acta para ao seu envío á Xunta Electoral do Centro.

Oitavo.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Nigrán, 29 de outubro de 2024.

A Directora do Centro e Presidenta da Xunta Electoral,

Asdo: María Pilar Piay Pombo